



## MODIFICACIÓN DE XUNTA DIRECTIVA DE SOCIEDADES E CLUBS INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

### Instrucións para cumprimentar a documentación

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20 que as modificacións de Xunta Directiva **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 1 mes, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para modificación das súas xuntas directivas.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de Representación, Autorización de Consulta de datos, Certificado de convocatoria de eleccións, e proclamación da nova xunta directiva pola Xunta Electoral) as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos e apartados) que nos Estatutos da Entidade (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación).**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse as seguintes pautas:

- 1. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946B**), polo que se autoriza á FGC para tramitar a modificación de Xunta Directiva no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado **“Nome/Razón Social”** o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de **“E, na súa representación”** o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

**Este documento deberá asinalo o presidente ou representante da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.**

- 2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS:** Deberá cumprimentarse o modelo de autorización para que a Secretaría Xeral para o Deporte poida consultar os datos de identidade dos directivos no sistema de verificación de datos, indicando o nome e apelidos e nº NIF de cadaún dos directivos, e sinalando cun “x”, a columna de autorización “SI”.

**Este documento deberán asinalo todos os directivos que se indiquen nel, no apartado “sinatura” a carón dos datos persoais de cadaún.**

- 3. CERTIFICADO DE PROCLAMACIÓN DA NOVA XUNTA DIRECTIVA POLA XUNTA ELECTORAL.** Certificado do secretario **“entrante”** (novo secretario) da Entidade co visto e prace do presidente **“entrante”** (novo presidente), debendo cumprimentarse todos os datos da nova xunta directiva que nel se relacionan (mínimo 5 directivos e máximo 15). No suposto que só se presentara unha única candidatura debe utilizarse o **doc. 3.1 Certificado proclamación nova Xunta Directiva pola Xunta Electoral única candidatura**

**Este documento deberá asinalo todos os directivos que se indiquen nel, no apartado “sinatura” a carón dos datos persoais de cadaún, o presidente e secretario “entrantes” (novos) e Presidente e Secretario (saíntes) ao pé do mesmo.**